

Convenio de Colaboración entre a
**Asociación Deportiva Cultural Arousaman Manolo O Nacho, Aitor de Luis González e
Guillermo Diez Lorenzo**
e a **Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)**

En Santiago de Compostela a 27 de abril de 2022

REUNIDOS

Dunha banda, D. Luciano Fernández Pintor, con D.N.I. [REDACTED], como Presidente da Federación Galega de Dano Cerebral (en diante FEGADACE) con CIF G70191051 e domicilio na rúa Galeras, nº 17, 2º, oficina 5, 15705, Santiago de Compostela.

Doutra banda:

D. Juan Ramón Martínez Saiñas, con DNI [REDACTED] que intervén en calidade de Representante da Asociación Deportiva Cultural Arousaman Manolo O Nacho (en diante Arousaman), inscrita no Rexistro Central de Asociacións, co nº 2019/023124-1ªe co CIF G70589304

D. Aitor de Luis González (en diante Aitor de Luis), con DNI número [REDACTED] na súa propia representación (en diante Aitor de Luis) e domicilio na rúa Pedro Alvarado nº 9, 1º C, localidade de Vigo.

e

D. Guillermo Diez Lorenzo, con DNI [REDACTED] na súa propia representación (en diante Guillermo Diez) e domicilio na rúa Pedreira 21, Salvaterra do Miño .

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que FEGADACE é unha entidade sen ánimo de lucro, que agrupa ás cinco asociacións de persoas con dano cerebral adquirido (DCA en diante) e as súas familias de Galicia; sendo a súa misión mellorar a calidade de vida destas persoas nesta comunidade autónoma, a través do desenvolvemento de proxectos e accións orientados a: (i) incidencia política e reivindicación social para defensa dos seus dereitos; (ii) xeración de coñecemento científicos a través da investigación socio-sanitaria no eido do DCA; (iii) sensibilización, divulgación e concienciación social sobre o DCA;

así como (iv) establecemento de alianzas estratéxicas e traballo en rede para aumentar o impacto e alcance das accións desenvolvidas.

SEGUNDO.- Que Arousaman é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída no 2019. Que dende o ano 2015, os membros da directiva veñen celebrando unha travesía a nado con obxectivo único de dar visibilidade ao dano cerebral a través da práctica deportiva da natación e diferentes accións divulgativas. A citada travesía organízase cada 2 anos, con edicións nos anos 2015, 2017, 2019 e 2021, e que cruza a nado a distancia entre o Grove e Riveira de 13 km= 7 millas náuticas, como metáfora a vivir co Dano Cerebral Adquirido.

Que, Aitor de Luis é unha persoa profesional da natación de alta competición, que participa en travesías e retos de carácter nacional e internacional, ademais de desenvolver a súa labor profesional como auxiliar adestrador en natación e socorrista.

E que, Guillermo Diez é nadador de augas abertas de gran distancia e ultradistancia, que participa en travesías e retos de carácter nacional e internacional. Que pola experiencia acumulada, estudia e desarrolla técnicas de natación de nado cognitivo, que melloran o equilibrio e propulsión na técnica da natación.

TERCEIRO.- Que todas as partes (FEGADACE, Arousaman, Aitor de Luis e Guillermo Diez) conflúen no fin común de apoiar ao colectivo de persoas e familias con Dano Cerebral Adquirido, mediante accións orientadas á difusión, sensibilización e visibilización do Dano Cerebral Adquirido no ámbito da natación deportiva, así como dunha educación social en valores que promovan a solidariedade, o respecto e a inclusión, a través da práctica da natación e do deporte.

CUARTO.- Que, en consecuencia, é desexo das entidades e persoas asinantes de subscribir o presente convenio de colaboración, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- ACORDO PREVIO

As iniciativas que se pretendan desenvolver contarán en primeira instancia co acordo e conformidade de todas as partes. Así mesmo, as entidades e persoas asinantes poderán colaborar en outras actividades acordadas e non reflexadas neste acordo e que poidan ser obxecto de acordos específicos posteriores.

SEGUNDA.- OBXECTO E PRINCIPIOS XERAIS

As partes asinantes do convenio, así como as asociacións membro de FEGADACE que son coñecedoras do mesmo, por formar parte activa do proxecto que regula, comprométense a participar e a colaborar activamente nas actividades establecidas para o #NadoPoloDanoCerebralAdquirido, e en termos xerais, a:

1. Fomentar a inclusión social a nivel autonómico de Galicia así como nacional en España, a través da execución de actividades deportivas no eido da natación que promovan a participación de persoas con DCA.
2. Executar e desenvolver actividades deportivas no eido da natación que aumenten a visibilización social do DCA e, que implicando recadación de fondos, terían como beneficiaria a FEGADACE.
3. Promover a elaboración, publicación e difusión de materiais (de sensibilización, difusión, concienciación,...) que se consideren axeitados para algún dos grupos de destinatarios deste acordo (persoas con DCA, familias, sociedade xeral,...)
4. Desde FEGADACE e asociacións membro, proveer ás outras partes, información e formación específica en materia DCA (prevención, causas, consecuencias, necesidades de atención, etc.) para acadar un uso adecuado da denominación da discapacidade e coñecemento profundo das súas implicacións na vida das persoas.
5. Asesoramento e traballo compartido no deseño e posta en marcha de actividades deportivas de natación que promovan a vida activo e saudable, como promoción de hábitos saudábeis para prevención das causas do DCA, como travesías a nado na comunidade autónoma galega en favor de FEGADACE e as entidades membro.
6. Fomentar hábitos hixiénico-sanitarios inherentes á práctica da natación deportiva, así como o ocio saudábel a través do deporte como medio de prevención do consumo de substancias tóxicas e outras prácticas nocivas para a saúde e que son factores de risco do DCA
7. Contribuír a través da práctica da natación a unha educación social en valores que promovan a solidariedade, o respecto e a inclusión.
8. Realizar busca en conxunto de patrocinios e recursos materiais e financeiros que melloren as posibilidades de execución do proxecto e que poidan repercutir positivamente no aumento do coñecemento social do DCA así como financeiramente na FEGADACE.
9. Na medida das súas posibilidades FEGADACE promoverá a captación de fondos e patrocinios para a realización das actividades deportivas e sufraxio dos gastos asociados en concepto de desprazamentos, inscricións, estancias, e outros derivados da participación en

retos e travesías que aseguren a visibilización do dano cerebral adquirido e que conleven un retorno/recadación de fondos solidarios destinados á misión da federación.

TERCEIRA.- DELIMITACIÓN DO OBXECTO E EXECUCIÓN

Este convenio iniciará a súa vixencia a partir do día seguinte á súa sinatura para cada unha das liñas recollidas na cláusula segunda, sen necesidade de subscribir acordos específicos, a excepción de que fose requirido por algunha das partes. A identificación, formulación e execución das accións coordinadas, recollidas nas liñas anteriores, acordarase especificamente mediante reunións presenciais, telemáticas ou outros medios como correo electrónico.

Por outra banda e de maneira concreta, o obxecto do presente convenio delimitase a establecer o entorno de referencia e colaboración para regular as accións e responsabilidades enmarcadas no proxecto #NadoPoloDanoCerebralAdquirido, que conta coas seguintes liñas de actuación: (1) facilitar ás persoas con dano cerebral adquirido o acceso á práctica de natación dunha maneira adaptada e persoal que lle permita ser o máis independente posible na auga, (2) que a práctica da natación poida aplicarse aos actos cotiás das persoas e lle permitan mellorar cuestións como o equilibrio, a bipedestación, etc., (3) que estas novas habilidades e adaptacións, se traduzan tamén nunha mellora para a familia e o entorno social e (4) celebrar unha travesía a nado pública en augas abertas que permita mostrar as habilidades aprendidas.

CUARTA.- RESPONSABILIDADES DAS PARTES

Para a execución das anteriores liñas de acción, e sen prexuízo de outros compromisos e responsabilidades que se poidan acadar durante a vixencia do acordo en reunións de traballo, as partes comprométense a:

FEGADACE

- Coordinar as accións de adestramento con persoas con dano cerebral adquirido nas instalacións facilitadas polas asociacións membro, participantes no proxecto
- Asegurar as canles de comunicación entre as e os nadadores/as profesionais (Aitor de Luis, Guillermo Díez, Juan Ramón Martínez e outras persoas vencelladas á asociación Arousaman que decidan integrarse no proxecto) e as profesionais de terapia das asociacións participantes para garantir a correcta execución das actividades.

- Sufragar os custes asociados ao desprazamento dos e das nadadores/as para impartir as sesións de adestramento específicas en cada asociación participante, previa información a FEGADACE e contra presentación dos debidos xustificantes e seguindo as condicións establecidas no convenio colectivo e requisitos das subvencións ás que se imputen estes custes, que lle serán debidamente informadas pola área de administración da federación.
- Sufragar os custes asociados á celebración da I Travesía a Nado Polo Dano Cerebral que se celebrará no mes de xullo de 2022 no Concello de Vilagarcía.
- Xestionar todos os trámites coa administración pública implicada na celebración da I Travesía a Nado Polo Dano Cerebral, así como garantir a cobertura de seguros de responsabilidade civil, asistencia médica e outras coberturas que sexan precisas para garantir a seguridade da proba.
- Elaboración de Plan de Seguridade e Regulamento da Proba coa asesoría de Arousaman.
- Diseñar, elaborar e reproducir os materiais necesarios para a celebración e promoción da actividade (banners, bandeiras, lonas, roll-ups, ou similares)
- Adquirir os materiais para agasallos para participantes (camisetas e gorros de natación)
- A xestión da inscrición e das taxas establecidas.
- A comunicación, difusión e publicidade da proba, así como relacións e conexións con medios de comunicación sobre todo o que respecta ao proxecto #NadoPoloDanoCerebralAdquirido.
- Relacións institucionais e rol de portavoz en todo o relativo a este proxecto fronte á administración pública, posibles colaboradores, medios de comunicación e sociedade xeral.

AROUSAMAN, AITOR DE LUIS E GUILLERMO DIEZ

- Responsabilizaranse polo adestramento das profesionais de terapia das asociacións para que elas poidan replicar as técnicas coas persoas con dano cerebral adquirido, seguindo en todo momento as indicacións terapéuticas que estas lles poidan prestar e que garantan o respecto das necesidades individuais de rehabilitación de cada persoa.
- Asesorarán ao equipo de FEGADACE e das asociacións na realización das xestións necesarias para garantir a correcta execución das actividades aquí recollidas.

- Contribuirán na difusión das accións desenvolvidas, seguindo as pautas facilitadas pola responsable de comunicación e a dirección da federación.
- Encargaranse da organización de todas as actividades necesarias relacionadas coa "parte de mar" da I Travesía a Nado Polo Dano Cerebral.
- Garantirán que todas as persoas participantes nos adestramentos previos á Travesía e sufragados por fondos de FEGADACE son única e exclusivamente persoas con dano cerebral adquirido, usuarias das asociacións membro, participantes no proxecto.

QUINTA.- SEGUIMIENTO

Co obxecto de optimizar e valorar os resultados do presente acordo, constituirase unha comisión de seguimento, composta por, alomenos, unha persoa representante de cada parte. Esta comisión reunirse coa frecuencia necesaria para garantir a exitosa realización das actividades recollidas, a petición de calquera das partes ou seguindo un calendario establecido de reunións de traballo.

SEXTA.- DETERMINACIÓN DE FINS E MEDIOS

Sen prexuízo do cumprimento das responsabilidades recollidas na cláusula cuarta, para outros supostos concretos de colaboración que poidan engadirse, determinarase conxuntamente os fins e medios (económicos, humanos e materiais) necesarios para a súa realización, así como o detalle de accións que impliquen a consolidación dos avais organizativos, validacións e, segundo o caso, difusión. En cada caso, as propostas de acción serán sometidas á aprobación de todas as partes implicadas e, polo menos de forma perceptiva, contemplarán os seguintes aspectos:

- Tipoloxía/ natureza da intervención
- Obxecto desta e detalle das actividades
- Responsabilidades, obrigacións e competencias de pártelas
- Normas de organización, funcionamento, financiamento e facturación
- Calendarización

Para o desenvolvemento destas intervencións poderán constituírse, se así se considera, grupos de traballo específicos e paritarios, que estean integrados por representantes de cada asociación, designados polas súas respectivas xuntas directivas e/ou direccións técnicas.

SEXTA.- ACORDOS CON TERCEIRAS PARTES

Previo acordo expreso entre as partes, para o desenvolvemento das accións contempladas no presente acordo ou outras que poidan ser acordadas, poderán ser tamén formalizados con outras

institucións, fundacións, sociedades científicas ou outros axentes, tanto de carácter local, autonómico, nacional ou internacional, e tanto gobernamentais como públicas ou privadas, por acordo entre ambas partes. Nestes casos, as partes determinarán para cada situación tanto os gastos como os beneficios nas porcentaxes que estas acorden de forma expresa, e con carácter previo a levar a cabo o tipo de colaboracións/contratacións, se houberse.

Non se permitirá a inclusión de persoas que non teñan dano cerebral adquirido e non sexan usuarias das entidades membro de FEGADACE en ningunha das actividades de adestramento aquí recollidas. En ningún caso, se permitirá a adopción ou apropiación da iniciativa aquí regulada por terceiras partes, sen a autorización expresa das asinantes do presente acordo.

SEPTIMA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

Os datos, documentos e cantas conclusións establézanse nos proxectos comúns, de asistencia e colaboración técnica, serán de propiedade de Arousaman, Aitor de Luis e Guillermo Diez. Ningunha entidade que poida colaborar en categoría "de terceira parte" (mediante cesión de instalacións, cesión de recursos humanos, etc.) terá dereito ao uso, réplica ou apropiación desta iniciativa e proxecto, sen a autorización expresa das partes asinantes deste acordo. Sen prexuízo da titularidade da propiedade intelectual anteriormente descrita, FEGADACE recibirá copia da información e documentación xerada no marco do proxecto aquí regulado, así como un breve informe de conclusións da actividade desenvolvida.

OCTAVA.- DURACIÓN E ÁMBITO

A duración do presente Convenio de colaboración será ata o 30 de xullo, 15 días despois da finalización da I Travesía a Nado Polo Dano Cerebral.

No suposto de que, a data de termino, estivese vixente unha acción xa acordada, regulada e programada por ambas partes, o prazo de vixencia non se verá afectado, ata que se cumpra o prazo pactado para a execución da citada actividade, salvo no casos de resolución anticipada do presente Convenio por algún dos supostos sinalados na cláusula seguinte.

NOVENA.- RESOLUCIÓN EXCEPCIONAL

O presente acordo poderá resolverse anticipadamente, a instancia de calquera das partes, nos seguintes supostos:

- O incumprimento por calquera das partes dos compromisos asumidos no convenio ou nos acordos concretos para o desenvolvemento das accións consensuadas.
- O mutuo acordo das partes, que se instrumentará por escrito.

- A imposibilidade sobrevinda, legal ou material, de dar cumprimento ao obxecto de leste.

En caso de producirse a resolución por incumprimento do establecidos no presente acordo, a parte incumplidora deberá indemnizar á outra, para o caso de que existan danos e prexuízos que deriven da devandita actuación.

DÉCIMA.- TRATAMENTO E PROTECCIÓN DE DATOS

No caso de que, con motivo da colaboración obxecto recollésense, rexistrasen e/ou tratasen datos de carácter persoal, como titulares dos seus correspondentes ficheiros, serán responsables de garantir a protección destes e cumprir as esixencias legais de acordo co establecido na normativa autonómica, estatal e europea vixente.

Así mesmo, no caso de que, no marco deste convenio, algunha das partes tivese que acceder a ficheiros de datos con carácter persoal que sexan titularidade da outra parte, a parte que acceda comprométese a cumprir coas obrigacións que lle correspondan como encargada do tratamento, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos.

As persoas asinantes deste convenio autorizan expresamente á outra parte incorporar os seus datos a un ficheiro con fins de xestión organizativa e administrativa propia das organizacións. Para estes efectos, poderán exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos persoais nas direccións referidas no apartado Reunidos.

UNDÉCIMA.- CONFIDENCIALIDADE

Todas as partes comprométese a gardar a máxima reserva e segredo sobre a información considerada como confidencial. Terá esta consideración calquera dato e información ao que as partes poida acceder en virtude do presente convenio de colaboración. As partes comprométese a non empregar, con fins diferentes aos derivados deste convenio, dita información, poñela en mans de terceiros, ben directamente ou ben a través de terceiras persoas ou entidades, sen o previo consentimento por escrito dos representantes de todas as partes.

DUODÉCIMA.- VISIBILIDADE E COMUNICACIÓN

As marcas, signos e logotipos de todas as partes non serán empregadas sen o consentimento expreso da outra parte no seno do presente convenio de colaboración. Tampouco os logotipos, imaxes, marcas comerciais, etc. propiedade de algunha das partes asinantes, quedando ben entendido que os dereitos de propiedade intelectual sobre os mesmos son de exclusiva titularidade do seu propietario.

Os materiais producidos como medio de sensibilización, campañas ou como consecuencia de accións de comunicación e visibilidade das intervencións, farán constar o logo e lenda, en caso de habela, de todas as partes, así como a mención "colaboran" independentemente da aparición de outras imaxes pertencentes a entidades financiadoras, en caso de habelas.

Calquera campaña de comunicación, información e sensibilización sobre as intervencións conxuntas que se desenvolvan en consecuencia da posta en práctica do presente convenio, así como calquera xornada de difusión de resultados derivada das primeiras deberá contar co acordo previo das partes.

DÉCIMO TERCERA.- REGULACIÓN

O presente convenio de colaboración, así como outros que puidesen derivar do mesmo, regularanse de mutuo acordo entre as partes. As dúbidas e controversias que poidan xurdir con motivo da interpretación e aplicación do presente convenio marco que non poidan ser resoltas de forma amigable polas partes, resolveranse de conformidade coas normas recoñecidas polo dereito español, renunciando ambas partes os seus respectivos foros, e sometendo as controversias derivadas do presente convenio á xurisdición dos Xulgados e Tribunais autonómicos e/ou estatais.

De conformidade co exposto e acordado e no exercicio das representacións das que son titulares os asinantes, subscriben o presente acordo por duplicado, no lugar e data anteriormente sinalados.



Fdo. Juan Ramón Martínez
AROUSAMAN

Fdo. Aitor de Luis González

Fdo. Guillermo Díez Lorenzo

Fdo. Luciano Fernández Pintor

E para certificación do coñecemento da regulación e condicións recollidas no presente acordo, en calidade de beneficiarias e participantes no mesmo, as asociacións membro de FEGADACE, confirman coñecer e respectar as regulacións recollidas no presente convenio:




Asociación de Dano Cerebral de
Lugo (ADACE Lugo)




Vº e Prace

Asociación de Dano Cerebral da
Coruña -ADACECO



Asociación de Dano
Cerebral de Vigo



Rúa Rec
Tlfs.
rena

Adquirido de Ourense-
RENACER



Vº e Prace

Asociación de Dano Cerebral de
Compostela -SARELA